



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 9/2015

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 02 DE XUÑO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión ordinaria número 8 de data 30/04/2015 e a acta da sesión extraordinaria número 7 de data 27/04/2015.
- 2 Aprobación dun recoñecemento extraxudicial
- 3 Actividades de control do pleno:
 - 3.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 21 de abril ao 22 de maio de 2015

Na Casa do Concello, ás catorce horas do día dous de xuño de dous mil quince, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Erminda Quelle Fernández, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Antonio Cabaleiro Millares, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Luís Alberto Orge Míguez, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge e Xoán Carlos González Campo, tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación, Ana Begonia Merino Gil.

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as Concelleiros/as: D^a. Digna Rosa Rivas Gómez e D. Alfonso Blanco Pérez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO 8 DE DATA 30/04/2015 E A ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA NÚMERO 7 DE DATA 27/04/2015.

Dáse conta dos borradores das sesións plenarias: ordinaria nº8 de data 30/04/2015 e extraordinaria nº7 de data: 27/04/2015.

Sometido a votación os mencionados borradores, apróbanse nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER.).

2. APROBACIÓN DUN RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento local da sesión celebrada o día 29/05/2015 que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE REDONDELA

Vistas as Propostas de Alcaldía, de datas 27 e 29 de maio de 2015, que transcritas dis:

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 27 e 29 de maio de 2015, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados neste ano foi como consecuencia do retraso na facturación o una entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 4.838,67 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2015:

Terceiro .-	Data da factura	Nº de factura	Euros	Partida
Asociación centro cultural e recreativo Parada do Miñor.....	05.01.15	1	760,00	3341A22609
Javier Carballo Nuñez	04.03.15	02/022015	2.996,14	1531A61900
Automecánica Sermóvil S.A.L.....	23.12.14	R050529	609,84	1351A21400
Sociedade Xeral de Autores E Auditores SGAE	15.05.15	0027075075	18,88	3341A20900
Sociedade Xeral de Autores E Auditores SGAE	15.05.15	0027075076	94,68	3341A20900
Sociedade Xeral de Autores E Auditores SGAE	15.05.15	0027075074	56,63	3341A20900
Sociedade Xeral de Autores E Auditores SGAE	15.05.15	0027071201	302,50	3341A20900
<u>Votacións e dictame.</u>				



CONCELLO DE REDONDELA

A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 7 votos a favor (3 do PP, 3 do PSG-PSOE, e 1 da AER) e 1 abstención do BNG, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 4.838,67 € co detalle indicado nos antecedentes, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo dezanove votos a favor (10 do PP, 7 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG).

3. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

3.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o día 21 de abril ao 22 de maio de 2015.

O pleno do Concello queda informado.

E non habendo mais asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e dez minutos do indicado no encabezamento, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-